




Concello da Coruña

Área / Unidad GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 JHC	Documento 54118I09L3	
Código de verificación  1M44 5F0I 580G 6133 1E3X	Expediente 541/2022/421	
	Fecha 14-06-2024	

PERSOAS USUARIAS DAS HORTAS DO AGRA DO ORZÁN

ASUNTO: REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE USO DAS HORTAS URBANAS DO AGRA DO ORZÁN

Como vostede coñecerá, recentemente foi aprobado definitivamente o proxecto de Urbanización do ámbito S2- San Pedro de Visma, o que implicará un notable incremento da oferta de vivenda na nosa cidade. Dentro do dito ámbito atópanse a totalidade das hortas urbanas do Agra do Orzán.

Por tal motivo, o Servizo de Urbanismo deunos traslado do inminente comezo das obras de urbanización do dito ámbito; obras que, como dixemos, afectarán á totalidade das hortas do Agra do Orzán.

Sendo coñecedores de que na época estival existen plantacións que non serán recollidas ata o mes de setembro, desde Medio Ambiente comunicamos á empresa concesionaria da urbanización a necesidade de que durante o período de verán se respecten as plantacións das hortas do Agra do Orzán, para que as persoas usuarias teñan a posibilidade de recoller as súas colleitas ao longo do mes de setembro.

A cláusula 17 das bases reguladoras da convocatoria de autorización para o uso das hortas urbanas do Agra do Orzán, Novo Mesoiro, Parque de Eirís e Parque de Adolfo Suárez, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 28, de 10 de febreiro de 2022, sinala que *“A autorización poderá ser revogada unilateralmente polo Concello da Coruña en calquera momento, e sen máis trámite, por razóns de interese público, sen dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.”*

Polo exposto, informámoste de que as hortas de Agra do Orzán poderán manter a súa actividade ata o día 30 de setembro do 2024, momento a partir do cal quedarán revogadas todas as autorizacións vixentes ata o momento, sen que as persoas usuarias poidan acceder ás anteditas instalacións.

A Coruña, na data de sinatura dixital que consta neste documento

A Concelleira de Medio Ambiente

Noemí Díaz Vázquez

